

## ACTUACIÓNS DE CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS 2024 – MT402A

**AXUDA:** ata o 70% do orzamento subvencionable, máximo 3.000 €.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN** na sede electrónica da Xunta de Galicia: ata o 15/02/2024.

As axudas conceranse por orde de solicitude.

### ACTUACIÓNS

#### a) Restauración e/ou revestimento de elementos de fachada:

- Revestimento de paramentos rematados con materiais ou solucións construtivas inadecuadas para quedar vistas, como a fábrica de ladrillo, de bloques de formigón, o formigón ou morteiro de cemento.
- Eliminación de elementos adxacentes e/ou a renovación do acabado dos paramentos cegos de fachadas, carpintarías ou cerrallarías exteriores, que supoñan un impacto paisaxístico por inadecuadas características construtivas, deficiente estado de conservación ou da tonalidade e/ou da intensidade da actual cor de acabado, quedando excluídas de forma expresa as deficiencias estéticas que se resolvan con labores de limpeza. Considérase que a tonalidade ou a intensidade da cor produce un impacto paisaxístico cando non se adecúan aos criterios establecidos na Guía de cor e materiais de Galicia.
- Actuacións sobre fachadas de cachotaría ou cantaría que precisen a aplicación ou renovación dos morteiros de rexuntamento. Non se subvencionarán chapados de pedra en cerramentos total ou parcialmente executados con muros de cachotaría ou cantaría vista.
- Excluída de subvención a substitución de carpintarías e cerrallarías exteriores e o picado de recibos en fachadas de cachotaría para deixar vista a pedra, sen prexuízo de que poidan ser obxecto de actuacións de renovación de acabado. **Excepción:** poderá considerarse a subvención cando se trate de actuacións sobre arquitecturas tradicionais, nas cales se propoña a renovación de elementos orixinais de inviable reparación ou a substitución de elementos instalados posteriormente e pouco adecuados aos valores arquitectónicos da edificación ou construción. En todo caso, admitiríase exclusivamente a instalación de carpintarías tradicionais de madeira ou elementos de cerrallaría de fundición de idénticas características ás orixinais.

#### b) Remate, renovación e/ou substitución do acabado exterior de cuberta

- Actuacións correctoras de situacións en cubertas en deficiente estado de conservación ou presentan solucións construtivas ou materiais de acabado inadecuados. Subvencionable a substitución de cubertas de placas de fibrocemento e/ou doutros materiais, así como a eliminación de elementos adxacentes discordantes cos valores paisaxísticos do contorno onde se sitúa a edificación.
- Incluídas as unidades de obra imprescindibles para o soporte (non estrutural), remate ou renovación das cubertas. Queda excluída de forma expresa a renovación de elementos estruturais (soportes, vigas, pontóns...) así como as deficiencias estéticas que se resolvan con labores de limpeza.
- En edificacións situadas en contornos rurais empregárase preferentemente tella cerámica, lousa ou cuarcita natural (en función do material tradicional da comarca), aínda que se poden empregar outros materiais e solucións acordes coas características arquitectónicas da edificación, autorizables de acordo coa normativa de aplicación vixente e que ofrezan un adecuado resultado estético.
- Queda expresamente excluída de subvención a substitución de cubertas de tella cerámica ou lousa por outras solucións con outros materiais de acabado.

#### c) Recuperación, restauración e/ou revestimento de muros de peche de terreos.

- Revestimento de muros de peche executados con fábrica de ladrillo ou bloques de formigón, sen revestir. Poderá realizarse con pintura (con ou sen recibado previo) ou con morteiros indicados, en todo caso, para quedar vistos; aplicaranse preferentemente tonalidades brancas ou grises/pardas moi claras. Tamén poderán realizarse chapados de pedra acorde coas características da zona.
- Redución da altura dos muros, mediante a supresión de fileiras de bloques ou de elementos prefabricados de formigón como celosías ou balaustradas, así como a eliminación de elementos adxacentes discordantes cos valores paisaxísticos do contorno.
- Pintado das portas, portais ou cerrallarías exteriores integradas nos peches de parcelas. Excluída a substitución destas carpintarías e cerrallarías.
- Recuperación, restauración ou arranxo de muros de pedra tradicionais, co obxecto de evitar o potencial impacto paisaxístico que produciría a súa perda e/ou o seu mal estado de conservación. As actuacións deberán

respectar a tipoloxía e morfoloxía orixinal do muro en cada caso, e deberanse empregar os mesmos materiais e técnicas con que foron construídos. Non será subvencionable a execución de chapados de pedra ou outros revestimentos, agás os recibos de morteiro tradicionais acordes coas características cromáticas do resto do elemento e cos criterios da

**- Todas as actuacións deberán aplicar os criterios e recomendacións da Guía de cor e materiais de Galicia e no caso dos muros de cerramento, a Guía de caracterización e integración paisaxística de valados**

#### **GASTOS SUBVENCIONABLES**

- a) Gastos necesarios para a axeitada execución das actuacións subvencionadas, tales como, entre outros, os **materiais e a man de obra**.
- b) Gastos correspondentes a **honorarios facultativos** pola redacción dos proxectos técnicos precisos para a execución das actuacións, así como pola dirección facultativa das obras e o custo dos estudos necesarios para a súa realización.
- c) Os **tributos** serán subvencionables cando a persoa beneficiaria os aboe efectivamente. En ningún caso se subvencionarán os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

#### **Non serán subvencionables:**

- a) Os gastos correntes de funcionamento da persoa beneficiaria.
- b) Equipamento e materiais non funxibles de segunda man.
- c) Actuacións de mantemento que se realicen periodicamente para manter o recurso ou o elemento sobre o cal se propón a actuación en perfecto uso ou estado.
- d) Os xuros, sancions administrativas, procedementos xudiciais.

#### **REQUISITOS**

1. Unha solicitude por persoa ou ben. Cada solicitude poderá conter varias actuacións.
2. A persoa propietaria de terreo, inmovible ou ben deberá acreditar a súa plena dispoñibilidade, como mínimo durante o período en que se manteñen as obrigas que asume o beneficiario da axuda previstas no punto 19º.
3. Todas as actuacións deberán contar coa comunicación previa ou, de ser necesaria, a correspondente licenza municipal, sen prexuízo dos restantes informes ou autorizacións, municipais ou sectoriais, que sexan precisos.
4. Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles nos cales concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA**

- a) Acreditación da representatividade suficiente para actuar en nome da persoa solicitante.
- b) Memoria descritiva das actuacións propostas, que deberá ter o detalle suficiente para describir adecuadamente as súas características, a súa medición e o seu orzamento. A información achegada debe ser suficiente para permitir o cálculo do orzamento de hipotéticas execucións parciais.
- c) Reportaxe fotográfica do ben sobre o cal se vai actuar, na cal se aprecie o elemento ou elementos obxecto da actuación. Deberá presentarse, como mínimo, unha fotografía de conxunto de cada unha das fachadas, cubertas ou muros a que se refiran as actuacións para as cales se solicita subvención, así como as fotografías de detalle que sexan precisas.
- d) Cando o importe do gasto subvencionable sexa igual ou superior á contía de 40.000 €, prevista para o contrato menor, o beneficiario deberá presentar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren.

#### **INFORMACIÓN**

- Instituto de Estudos do Territorio 981 541 755.
- Área de Desenvolvemento Local de Camariñas. Cita previa no 981 737 004
- DOG Núm. 9, do venres 12 de xaneiro de 2024. Resolución do 28 de novembro de 2023.